

DÍA MUNDIAL DA SAÚDE MENTAL 2016

eventos destacados

FEAFES Galicia

r/ Serafín Avendaño 18 baixo, Oficina 11 - 36201 Vigo

Campaña polo Día Mundial da Saúde Mental 2016, baixo o lema "*Eu non teño prexuizos*". Consta de varias accións, das cales a principal é o lanzamento dun vídeo (con dúas versións) no que participan coñecidos actores e xornalistas galegos, que podedes ver [neste enlace](#).

Ademais, contamos cunha web informativa que serve de apoio á campaña: eunontenoprexuizos.org. Nela, entre outras cousas, hai un [cartel descargable](#) co lema da campaña co que queremos animar a todo o mundo a que se faga fotos e as suba ás redes sociais, etiquetando a FEAFES Galicia ou poñendo o hashtag *#eunonteñoprexuizos*.

Por outra banda, a campaña inclúe a edición dunha guía titulada "*Desmontando prexuizos sobre a saúde mental*" que estivemos a preparar estes meses. A versión en PDF a podedes consultar [aquí](#). Esta guía está subida tanto á web da campaña como á de FEAFES Galicia.

Asociación Inclúe

r/ García Barbón 48, Local 3 - 36201 Vigo

10/10/16 ás 11:30 horas: *Seminario sobre a Patoloxía Dual en Saúde Mental*. Destinado a pacientes, familiares e persoas alleas a asociación Inclúe que lles poida interesar.

Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres

Avda. de Galicia, 160 - 36216 Teis, Vigo

10/10/16: Mesa informativa, merenda e charla coloquio das experiencias persoais de enfermos mentais do Centro